

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

Nº 106

ano 18

maio-xuño 2024

O patrimonio monumental como recurso (II): **SANTO ESTEVO DE RIBAS DE SIL**



No corazón da Ribeira Sacra, entre nobres castiñeiros, enxebres carballeiras e coloridas vides álzanse mosteiros centenarios como xigantes pétreos que nos lembran o atractivas que foron as terras da confluencia do Miño co Sil desde tempos medievais para os asentamentos relixiosos. Nesta panorámica móstrase, de acordo coa consideración de D^a Tareixa de Portugal (1176-1250), o mosteiro máis importante de entre os que se asentaron nesta zona: Santo Estevo de Ribas de Sil.

Localizado na ribeira sur do río Sil, no concello de Nogueira de Ramuín, o mosteiro bieito sobre o que versa esta *Fronda* atópase encaixado no fondo do canón que rodea o leito do río, cercado ao norte polo bosque autóctono que precede ao Sil e que pertenceu ata o século XIX ao mosteiro. Na ladeira oposta levantouse, a raíz da fundación do cenobio, unha pequena aldea na cal varias das vivendas -como a do médico ou a casa de audiencias- dependían daquel. Sería desde embaixo dun castiñeiro desa aldea desde onde o fotógrafo Enrique Reza tería tomado a panorámica que hoxe admiramos. Ao fondo da fotografía, a alternancia de outeiros e

vales fálanos dun relevo granítico longamente erosionado por múltiples ríos e regatos.

A monumentalidade do complexo de Santo Estevo reflicte o poder da Igrexa ao longo dos séculos. Na imaxe, tomada desde o sur, apreciamos o corpo basilical da igrexa, rematada ao oeste por dúas torres campanario. Ao leste vemos a tripla ábsida por onde se comezou a construción do templo. A ábsida central, peculiarmente máis baixa que as laterais, está coroada por un rosetón. Encostada, a sancristía e, ao fondo, os muros que rodeaban o antigo refeitório.

Na vista contraria á fotografía está a entrada á igrexa precedida por un cemiterio. Dentro dos muros monacais ábreanse tres claustros: o dos Cabaleiros, o Pequeno ou do Viveiro e o claustro dos Bispos, que podemos ver na fotografía do anverso.


Fotografía do mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil realizada por Enrique Reza (s.d.)

Orixinal; papel fotográfico; 130 x 180 mm

AHPOu, Colección fotográfica, álbum. 6/62

Historia de Santo Estevo

A fundación de Santo Estevo atribúese a San Martiño de Dumio no século VI, a pesar de que o primeiro documento en que se menciona sexa un privilexio de Ordoño II datado en 921. Nel, o rei autorizaba o abade Franquila a reconstruír o cenobio e concedíalle posesións nas terras lindeiras. Durante o século X, o mosteiro adquiriu gran fama pola súa espiritualidade e observancia relixiosa, tal como parece evidenciar o feito de que nese tempo nove bispos renunciaron ás súas sés e escollesesen pasar os seus derradeiros días neste mosteiro, onde tamén terían recibido sepultura.



Fotografía realizada por Ksado (ca. 1930) do claustro dos Bispos do Mosteiro de Sto. Estevo de Ribas de Sil. AHPOu, Colección fotográfica.

A etapa de prosperidade estendeuse ata o século XIII. A bonanza trouxo consigo un aumento no número de posesións e de monxes, ademais dun forte investimento en novas construcións. Neste período modificouse o claustro primitivo e construíuse a igrexa, de estilo románico de transición, a excepción da fachada principal, que foi reformada no século XVIII.

Os séculos XIV e XV foron, pola contra, de decadencia xeral, incluíndo a presión nobiliaria aos predios e xurisdición do mosteiro. A recuperación chegou a partir de 1506, momento no que Santo Estevo se incorporou á Congregación de Valladolid e anexionou os antigos mosteiros de Santa Cristina de Ribas de Sil e San Vicente de Pombeiro, despois de convertelos en priorados.

O mosteiro adquiriu a primacía como eixo vital da Ribeira Sacra, aínda que rivalizando co cisterciense de Montederramo. A hexemonía debeuse,

ademais das anexións, a que dende 1530 albergou un colexio de Artes e, con iso, un crecente número de monxes. Esta circunstancia, xunto co incendio de 1562, propiciaron unha serie de importantes obras que reflectiron a bonanza económica e que remataron por modificar substancialmente a configuración orixinal do conxunto. Ata aquel momento, o mosteiro estaba conformado, alén da igrexa e dunha pequena sancristía, polo refectorio, o claustro dos Bispos e as celas. Entre os séculos XVI e XVIII, os de maior esplendor, levantáronse o segundo corpo do claustro dos Bispos, de feitura entre gótica tardía e renacentista, e os claustros dos Cabaleiros e o Pequeno.

Con todo, un novo incendio a finais do século XVIII e o paso das tropas francesas en 1809 abriron unha nova etapa de decadencia para Santo Estevo, que culminou coa desamortización eclesiástica de 1835: nacionalizáronse os seus bens, exclaustráronse os monxes e o complexo quedou definitivamente abandonado.

Un novo uso: a rehabilitación

Durante o reinado de Afonso XIII (1886-1931) comezaron os intentos por parte do Estado de estimular a chegada de visitantes a España como medio para alcanzar un ansiado crecemento económico. Un dos obstáculos que superar era a insuficiencia de prazas de hospedaxe, polo que se buscou, desde a esfera pública, a creación de establecementos hosteleiros. Os *paradores*, hotéis emprazados en edificios de valor histórico-artístico adaptados ás necesidades rexionais, foron a creación máis afortunada desta época.

No caso de Santo Estevo, a rehabilitación como hotel non se barallou inicialmente. Pola contra, as intervencións que se realizaron desde a desamortización tiñan como principal obxectivo a conservación do inmovible ante o perigo de ruína.

Non obstante, á recuperación física haberíalle de seguir a posta en uso. Terminadas as intervencións na década de 1990, o resultado foi unha estrutura externa consolidada que gardaba un espazo interno baleiro, listo para ser adaptado dependendo do uso. Unha vez descartada a idea de convertelo en Arquivo Xeral da Xunta de Galicia, en 1999 comezaron as intervencións que transformarían definitivamente a Santo Estevo en hotel-monumento. Non obstante, este uso compartiríase con outros tres: o litúrxico na igrexa, o social nunha ala que albergaría oficinas da Mancomunidade da Ribeira Sacra e o cultural, ao seren os espazos exteriores de libre acceso e estaren musealizados.

Desta forma, o proxecto cumpría cunha tripla ambición: conservar a arquitectura, crear un motor socioeconómico para a zona e provela de actividades lúdico-culturais. Terminadas as obras, a Xunta cedeulle ao Estado o mosteiro e os terreos contiguos para o establecemento nel dun parador de turismo, que foi inaugurado en xullo de 2004.

Texto: Marta Vila Comesaña. DL O 67/2006; ISSN 2659-3491



XUNTA
DE GALICIA

Arquivo Histórico
Provincial de Ourense

Emilia Pardo Bazán, s/n
arq.prov.ourense@xunta.gal
Tlfno. 988788228